



Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA deste concello, ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta a seguinte **MOCIÓN** para a ordenación do tráfico na Praza Irmáns Ageitos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Praza dos Irmáns Ageitos é un espazo municipal límite entre a coñecida como zona peonil e a autorizada tamén para o tráfico rodado.

Dita Praza é eminentemente residencial, pois nela só se ubican dous locais comerciais, dos cales un semella estar xa pechado. Hai dous garaxes privados na praza e os existentes nas inmediacións son moi escasos, pero o acceso a estas instalacións está garantido polo sinal de prohibición do paso que inclúe a lenda "Excepto Garajes".

Ten a Praza dúas saídas cara a rúa Ponte: unha, a máis ampla, bloqueada por tres xardiñeiras-obstáculo. A outra, a máis estreita, dun ancho pouco máis que o dun vehículo familiar, dispón do sinal vertical antes citado e, sorprendentemente, dun paso de peóns, que dende a rúa Currelino atravesa a rúa Ponte e chega á praza, o que propicia que se poidan atopar ao mesmo tempo no paso de peóns un automóbil e camiñantes.


Tamén coñece a Praza o tráfico, innecesario, de vehículos comerciais, que podían desenvolver o seu traballo con medios de transporte manual dende os estacionamentos existentes nas inmediacións do mercado, na rúa Castelao ou, ocasionalmente, na confluencia das rúas Gavoteira e Currelino. É o caso que tales vehículos saen da Praza por enriba do paso de peóns, non atravesándoo senón percorréndoo, eventualmente coincidindo, como xa dixen, cos peóns, e en moitas ocasións ocasionando danos ás vivendas que delimitan a estreita saída.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal da Pobra do Caramiñal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Prohibir o acceso e tránsito pola Praza Irmáns Ageitos de calquera vehículo distinto dos que utilizan os garaxes nela ubicados.
2. Manter como acceso peonil o agora existente e habilitar como entrada e saída do tráfico rodado á Praza a máis ampla.
3. Corrixir o sinal de prohibición para ler: Agás garaxes.

A Pobra do Caramiñal, 14 de setembro de 2018



Ramiro Ouviaña Ouviaña

Concelleiro e Portavoz do G.M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.